cooperación pobo a pobo

entrepueblos herriarte entrepobos entrepobles

74 revista periódica · decembro 2020



ACTIVISTAS POLA VIDA

A PANDEMIA XEROU UNHA EXPLOSIÓN DAS DÉBEDAS

A DEFORESTACIÓN DETRÁS DO IMPACTO DOS FURACÁNS

SUMARIO

3 A pandemia xerou unha explosión das débedas domésticas

6 Por un Pacto Ecosocial coa desobediencia

8 Activistas pola vida en Centroamérica

10 Exposición "Activistas pola vida"

12 A deforestación detrás do impacto dos furacáns

14 Cuba: XV Encontro Anual da Rede Feminista "Berta Cáceres". Feministas fortalecen a súa axenda en tempos de pandemia

16 Unha montaña [zapatista] en alta mar

18 Cultopías, "IniciARTivas" para cambiar o mundo

Esta colonización financeira derramada en termos de débeda doméstica tomou como territorio de conquista as poboacións máis empobrecidas e precarizadas

Protexer as comunidades que defenden os seus territorios e as súas culturas é, pois, protexer a cadea global da vida

"Como non se van desbordar todos estes ríos se arriba, nas nacentes de auga, non só vive xente senón que hai proxectos que destrúen os bosques"

"Fronte ao pensamento crítico, os poderosos demandan, esixen e impoñen os seus fanatismos"

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica necesariamente coas opinións expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Albertina López, Pajuiles, Honduras · Gervasio Sánchez

AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIACHE E COLABORA ACTIVAMENTE Boletín de subscrición na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria con AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA

FENAT - Argentina

A pandemia xerou unha explosión das débedas domésticas

Luci Cavallero, Verónica Gago

Investigadoras GIIF-UBA-Conicet (Arxentina)

As contas impagadas por alugueres e servizos de luz, auga, gas e acceso a conectividade medraron a ritmo acelerado nestes meses de illamento social para protexerse do coronavirus. O carácter feminizado das economías precarizadas son hoxe obxecto preferido de endebedamento

A corentena pode lerse dende o punto de vista de cales son os movementos que xeran débedas e cales os que xeran rendas. Con ese método, non só se evidencia quen pode quedar na casa e quen non. Tamén como moverse ou ficar ten efectos diferenciais en termos de ingresos e débedas.

Por iso, non hai xeito de pensar a crise habitacional, sen a débeda en aumento de inquilinas e inquilinos, así como non se acadou a pór de manifesto a falla de acceso a conectividade nos barrios máis precarizados ata que a débeda por móbiles se evidenciou como un custo exorbitante en plena pandemia. A renda inmobiliaria e a renda financeira aproveitan a inmobilidade.

Que papel está a xogar o endebedamento a nivel global e a nivel doméstico neste momento de crise? Na nosa investigación *Una lectura feminista de la deuda* (2019) temos analizado cómo o endebedamento público, acelerado exponencialmente nos últimos catro anos, se traduciu en políticas de axuste que se botaron enriba dos fogares como débeda doméstica.

Xunto á inflación asoballante e a consecuente perda de poder adquisitivo de subsidios e salarios, produciuse unha realidade na que se tornou obrigatorio o endebedamento para acceder a bens tan básicos como alimentos e medicamentos. Aquí a débeda doméstica aparece na súa dimensión máis política: como xeito de metabolizar os efectos de axuste, o quel obriga a completar os ingresos sempre insuficientes para un consumo de produtos cada vez máis dolarizados (alimentos, medicamentos, alugueres).

Desta maneira, a débeda nas familias opera tamén como mecanismo que obriga á precarización: á aceptación de traballos cada vez peor pagados. Isto fai que as débedas terminen organizando e comandando as formas laborais, sendo un motor interno da flexibilidade sen límites e unha maneira de explotación que acada intensificarse e adaptarse a realidades laborais cada vez máis heteroxéneas.

As finanzas, desposuídas do puro tecnicismo e pensadas no seu impacto cotián, deben comprenderse en termos dunha lóxica extractiva do capital, organizando o que chamamos "extractivismo financeiro".

VIVENDA E ALUGUER

Nos meses de illamento social, preventivo e obrigatorio constátase o aumento acelerado da pobreza e situacións de precariedade xeralizada e, en consecuencia, o incremento moi forte de débedas nos fogares. A diminución de ingresos para a grande parte da poboación que non ten emprego asalariado fixo, o recorte de soldos mesmo para os que si o teñen, e os despedimentos forman parte da paisaxe de veloz pauperización e o suplemento da débeda á hora de "salvar" o momento.

Queremos puntualizar aquí as novas maneiras de endebedamento que se están producindo na crise, a partir dun traballo de enquisas e entrevistas que realizamos sumado a outras fontes que vimos sistematizando. Un dos centros do conflito actual é a vivenda.

A partir do imperativo #QuedanaCasa revelouse a dificultade do que isto significa no con-

La Poderosa (Argentina)

Ramona Medina, Manuela, dirixenta do Barrio 31 (Buenos Aires) falecida por COVID

texto actual e, en particular, co aumento da violencia de xénero que se rexistra en condicións de confinamento. Amoreamento, barrios enteiros sen auga e alugueres que se tornan impagables. Isto é efecto do acelerado proceso de financiarización do acceso á vivenda (cada vez máis cara e escasa) e que ten na toma de terras un dos seus elos evidentes.

Segundo unha enquisa realizada mensualmente pola Federación de Inquilinos, máis do 60 % dos que alugan endebedáronse dalgunha maneira (con préstamos bancarios e non bancarios ou con familiares ou amizades) fronte á imposibilidade de pagar o aluguer dende maio.

A débeda por razón da vivenda expresa o que denominamos violencia propietaria: que se concreta no abuso directo de donos e inmobiliarias que aproveitan a situación crítica para ameazar, amedrentar, non renovar contratos ou directamente desaloxar. Sobre todo, é caldo de cultivo para forzar ao endebedamento e, a medida que os meses pasan, a financiar débeda con máis débeda.

Sabemos que para moitos fogares, a débeda é o primeiro chanzo cara ao desaloxo e, á vez, a maneira de aprazalo, de postergarlo. Pero esa violencia propietaria tamén recrúa no mercado inmobiliario informal, cando as casas son habitacións de hotel ou cuartos alugados nunha vila ou casas compartidas en asentamentos, onde en xeral non hai contrato nin recibo de pagamento polo medio, pero os custos e o axuste inflacionario dos montos son iguais ou maiores dos que implica o aluguer dun apartamento pequeno.

É unha novidade das tomas de terras destes meses que a meirande parte dos que explican a súa situación refírense á imposibilidade de seguir pagando alugueres e a débedas acumuladas por vivenda.

Estas débedas, ademais, buscan confiscar dende agora ingresos do futuro: sexan soldos ou subsidios por vir; ou, directamente, obrigan á asunción de novas débedas con circuítos familiares e informais. Isto tamén se converte nun botín para as financeiras que están comprando propiedades con débedas. O que, á súa vez, crea unha analoxía cun circuíto global de fondos de investimento que en varios países do mundo hoxe están facendo grandes negocios cos desafiuzamentos e desaloxos.

FEMINIZACIÓN DA POBREZA

É ademais necesario analizar como intervén a situación de endebedamento doméstico sobre a realidade desa fenda entre traballo non remunerado e traballo remunerado. A circunstancia de emerxencia pola crise acelerada pola covid-19 intensificou o endebedamento de mulleres que xa se viña observando durante os últimos anos. Segundo datos da Dirección de Economía, Igualdade e Xénero do Ministerio de Economía, 1.900.000 das receptoras da *Asignación Universal por Fillo* (AUH) teñen débeda coa *Administración Nacional da Seguridade Social* (ANSES).

Este fenómeno diversificouse e incrementouse durante a pandemia, cando as débedas "non bancarias" por alugueres e servizos de luz, auga, gas e conectividade medraron a ritmo acelerado, o cal faise aínda máis intenso nos fogares monomarentais, convertendo o endebedamento noutra maneira máis de intensificación das desigualdades de xénero.

Segundo unha enquisa mensual da organización *Inquilinos Agrupados*, o endebedamento por alugueres medra exponencialmente nos fogares onde hai un único ingreso ou onde viven nais solteiras con fillos e fillas.

Nos barrios populares, nos que a emerxencia sanitaria e a restrición de ingresos impactou máis forte, as débedas por conectividade -é dicir, para mercar datos para soster a educación pública a distancia- incrementáronse notablemente, absorbendo mesmo boa parte do IFE.

A situación é paradoxal no seu dramatismo: o incremento das tarefas de coidado, ademais de intensificar o traballo non remune-



Alejandra Malcorra - Feminacida

rado que implica facerse cargo da escolaridade das crianzas dentro dos fogares, xera máis débeda.

O traballo non recoñecido nos fogares tradúcese nunha desigualdade de ingresos que, á vez, se transforma en engrenaxe de endebedamento. É esta situación de endebedamento compulsivo e reiterado, ademais, a que produce unha relación directa co crecemento das economías ilegais como oferentes de emprego en situacións de alta vulnerabilidade.

Se algúns analistas falan do traballador actual como un "recolector de ingresos", que xa non pode garantir a súa reprodución a través dun salario único e estable, podemos falar da "recolectora de débedas" como unha figura expresiva do afondamento do despoxo e a precarización que se adoita nomear como feminización da pobreza.

Nesta liña, é fundamental subliñar o carácter feminizado das economías precarizadas que son hoxe obxecto preferido de endebedamento. Unha lectura feminista dol problema financeiro, tal como o vimos desenvolvendo, confronta a dinámica abstracta das finanzas na súa relación coa vida cotiá, coas maneiras da violencia nos fogares e nos diversos territorios e coas modalidades actuais de explotación do traballo, remunerado e non remunerado.

QUEN PAGARÁ A CRISE?

Esta situación non se xerou dun día para outro. Hai unha xenealogía que moi rapidamente se pode sintetizar para a nosa rexión. Se nos anos 80 o endebedamento disciplinou as transicións democráticas en América Latina, como vía de saída das ditaduras; despois, nos 90, a maneira Consenso de Washington das reformas neoliberais impuxeron novas marcas de débeda; e estes últimos anos asistimos a un forte relanzamento da penetración financeira sobre os nosos países, combinada con situacións de pobreza e despoxo de recursos cada vez máis intensivas.

Esta colonización financeira derramada en termos de débeda doméstica tomou como territorio de conquista as poboacións máis empobrecidas e precarizadas. Isto vincúlase á súa vez, en termos retroactivos, co xeito no que se conectaron os subsidios sociais coa bancarización masiva, nun proceso que leva máis dunha década na rexión.

Cando a relación de débeda se derrama cara abaixo, difúndense os efectos da débeda tomada polos Estados a modo de fervenza. É dicir, os despoxos e privatizacións aos que obriga o endebedamento estatal tradúcense como endebedamento compulsivo cara aos sectores subalternos, que pasan a acceder a bens e servizos a través da mediación da débeda. Isto ten o efecto, tanto de modificar a relación entre ingreso e débeda, como tamén entre débeda e acceso a dereitos.

E aínda máis: esta cartografía específica permite ver sobre que corpos, economías e territorios esa débeda se produce. Esta é a metodoloxía feminista que vimos despregando, que vai das finanzas aos corpos. A quen se endebeda? Como? Con que taxas de interese? Que tipo de traballo, remunerado e non remunerado, caracteriza á poboación máis endebedada? Estas foron algunhas preguntas que nos últimos anos temos desenvolto, tanto en termos de acción política como de produción de coñecemento e información.

A investigación na pandemia empeza revelando a multiplicación das débedas privadas na crise e nos traballos e territorios domésticos e comunitarios que explota e permite trazar, á vez, os dilemas políticos do momento.

Por unha banda, constátase como grande parte do IFE outorgado polo goberno nacional e os ingresos por subsidios e salarios son absorbidos polos bancos, supermercados, empresas de telecomunicación, empresas de plataformas e pagamento de débedas. E, por outra, que os xeitos da precarización laboral que vemos acelerarse expresan as disputas no interior da crise.

O capital –e as ofensivas patronais e financeiras nas que se expresa- aproveitará a situación de crise para reconfigurar as modalidades de traballo, os xeitos de consumo, os parámetros de ingreso e as relacións sexo-genéricas. Máis concretamente, podemos pensar que estamos diante dunha reestruturación das relacións de clase que toma como escena principal o ámbito da reprodución social. Isto inclúe os fogares, pero tamén os traballos reprodutivos que se fan máis alá das paredes da vivenda.

Sen dúbida, hai sectores para os que o momento actual non só non significa unha detención das súas actividades debido á corentena, senón que representa polo contrario unha oportunidade para acelerar a súa propia lóxica de ganancias, que tira proveito da inmobilidade endebedada, esa que toma corpo nunha domesticidade cada vez máis explotada e precaria.

Artigo publicado en *Página 12*.

Connectas

Por un Pacto Ecosocial coa desobediencia

Alberto Acosta
Economista (Ecuador)

Protestas en Perú

Por definición, un pacto formula un acordo entre dúas ou máis partes, moitas veces solemne, onde se establece unha obediencia a cumprir os puntos establecidos no que pode ser ou non un contrato formal, en ocasións conseguido mesmo por debaixo da mesa

Tan agobiante definición pode xerar confusións, máis cando de maneira errada se meten nun mesmo saco todos os pactos nacidos nestes convulsos tempos. Pese a iso, **o *Pacto Ecosocial do Sur* non propón un acordo formal para cumprir unha folla de ruta pechada, nin propón unha listaxe de demandas dirixidas aos gobernantes. Non é un Pacto co Poder, nin para acceder ao Poder; este Pacto enuncia ideas de cambio das forzas sociais que o impulsan.**

Vivimos a peor crise moderna da humanidade; unha crise que rebasa o azoute sanitario do coronavirus, pois descóbrense as fracturas multifacéticas e sistémicas da civilización dominante. No medio desa crise e, pese ao illamento físico, un grupo de persoas sintonizadas dende hai tempo, elaborou un documento curto propoñendo o que, ao meu xuízo, é un pacto coa desobediencia, buscando alternativas sistémicas e concertadas con diversos procesos sociais.

En clave de transicións (en plural), sen esquecer o horizonte utópico, formúlanse nove puntos de acción: unha transformación tributaria solidaria na que "quen ten máis, paga máis";

- anular as débedas externas estatais e construír unha nova arquitectura financeira global, como primeiro paso de reparación histórica da débeda ecolóxica e social contraída polos países centrais dende a colonia;
- crear sistemas nacionais e locais de coidado onde a sostibilidade da vida sexa o centro das nosas sociedades, entendendo o coidado como un dereito que esixe un papel máis activo do Estado, en consulta e corresponsabilidade permanente con pobos e comunidades;
- saír da trampa da pobreza extrema cunha renda básica universal que substitúa as transferencias condicionadas focalizadas de herdanza neoliberal;
- impulsar a soberanía alimentaria combinada con políticas que redistribúan a terra, o acceso á auga e unha profunda reforma agraria, afastándose da agricultura industrial de exportación e os seus nefastos efectos socioambientais;
- construír economías e sociedades postextractivistas para protexer a diversidade cultural e natural dende unha transición socio-ecolóxica radical, impulsando saídas ordenadas e progresivas da dependencia do petróleo, carbón e gas, da mineiría, e dos grandes monocultivos, freando a deforestación masiva;
- recuperar e fortalecer espazos de información e comunicación dende a sociedade, actualmente dominados polos medios de comunicación corporativos e as redes sociais que forman parte das corporacións máis poderosas dos nosos tempos, para disputar os sentidos históricos de convivencia;
- fortalecer a autonomía e sostibilidade das comunidades locais fronte á fraxilidade das cadeas globais de produción, para potenciar a riqueza dos esforzos locais e nacionais;

e, concluíndo esta listaxe sempre preliminar, propiciar unha integración rexional e mundial soberana, favorecendo os sistemas de intercambio local, nacional e rexional, con autonomía do mercado mundial globalizado e enfrontando o monopolio global corporativo.

Moitas destas ideas aparecen noutros documentos elaborados nestes anos, non só durante a pandemia. A diferenza radica en que este Pacto Ecosocial propón accións concretas a curto prazo sen esquecer as utopías e a imperiosa necesidade de construír imaxinarios colectivos, para acordar un rumbo compartido de transformacións radicais e unha base para camiñar con plataformas de loita nos máis diversos ámbitos das nosas sociedades.

A crise que se puxo de manifesto pola pandemia potenciou as desigualdades e amosa, se cabe con máis brutalidade que antes, a incerteza e fraxilidade do noso futuro, sempre en xogo. Tócanos enfrontar un mundo desigual e inequitativo en extremo, pragado de todo tipo de violencias (patriarcais, racistas, extractivistas…) que aumentan aceleradamente coa pandemia. Pero tamén é unha enorme oportunidade para (re)construír o noso futuro dende principios básicos para unha vida digna: o coidado, a redistribución ou o reparto, a suficiencia e a reciprocidade, dende bases comunitarias e autonómicas antes que estatais. En concreto, o campo principal de acción aparece onde podemos actuar propiciando vidas mancomunadas, en espazos comúns: plurais e diversos, con igualdade e xustiza, con horizontes construídos colectivamente, para resistir o crecente autoritarismo e construír simultaneamente todas as alternativas posibles.

En realidade este Pacto vén dende abaixo, dende os movementos sociais e a Nai Terra (orixe e base de todos os dereitos); iso sen ocultar a responsabilidade dos que o redactaron. Este Pacto xurde, en definitiva, dende múltiples loitas de resistencia e de re-existencia na nosa rexión, mesmo se sintoniza coa longa memoria dos pobos orixinarios, algunhas de cuxas máis importantes organizacións o respaldan.

Así, dende esas loitas, reflexións e realidades se propón este Pacto Social, Ecolóxico, Económico e Intercultural dende o Sur, dende América Latina, dende Abya Yala e Afro-Latinoamérica, proxectándoo aos sures do mundo, convocando a desobedecer e confrontar o poder para enterrar o mundo do capital e crear un mundo novo. E para conseguilo, camiñando dende o aquí e o agora, as persoas que escribimos este Pacto buscamos horizontes de transformación civilizatoria, en esencia postcapitalistas, tanto para superar o antropocentrismo, como a colonialidade, os racismos e o patriarcado. O fin é construír un mundo onde caiban moitos mundos -un pluriverso- pensados dende as perspectivas, desexos e loitas dos pobos e os seus dereitos.-

Alberto Acosta é compañeiro de loita dos movementos sociais. Xuíz do Tribunal Internacional dos Dereitos da Natureza. Ministro de Enerxía e Minas de Ecuador (2007). Presidente da Asemblea Constituínte de Ecuador (2007-2008).

Activistas pola vida en Centroamérica

Àlex Guillamón
Entrepobos

Gervasio Sánchez

Elena Gaitán, Julio Leyva e Lucila Lemus, río Jilamito, Honduras

Introdución ao libro Activistas pola vida

Centroamérica é unha das rexións máis privilexiadas, e duras ao mesmo tempo, do planeta. A súa ubicación, conectando o Norte e o Sur de Abya Yala *-terra en plena madureza*, como chamou o pobo kuna a América-, entre o Caribe e o Pacífico, atravesada por cordilleiras e volcáns, bosques e selvas tropicais, sacudida por furacáns e terremotos, converteu esta estreita cintura nunha paisaxe orixinal rebordante de auga e biodiversidade, ademais de riquezas minerais.

No que hoxe son Guatemala e Honduras, asentáronse os pobos que deron orixe á civilización maia, unha das máis complexas e avanzadas da antigüidade. Porén, estes pobos viron bruscamente truncado o seu devir hai uns 500 anos, coa chegada dos galeóns, a pólvora, o cabalo, a varíola e a cruz da colonización española. A partir de entón interrompeuse o desenvolvemento endóxeno da súa economía, sociedade e cultura, e impúxose outro tipo de desenvolvemento orientado ao servizo das sucesivas potencias coloniais que os parasitaron.

Estas potencias botaron man tamén do secuestro de centos de miles de persoas en África para esclavizalas en minas, plantacións e servidumes domésticas, cuxa descendencia atopamos hoxe principalmente na costa atlántica da rexión.

Baixo maneiras e actores diferentes, e ata os nosos días, o colonialismo tivo como finalidade principal a apropiación desas materias primas que a rexión ofrecía, e segue ofrecendo, en abundancia.

Precisamente é a isto ao que o economista ecuatoriano Alberto Acosta denomina *"a maldición da abundancia"*. Actualmente as rexións máis ricas en bens naturais, parecen condenadas a vivir nas sociedades máis desiguais e violentas. E hoxe esa maldición ten un diagnóstico: extractivismo.

Vivimos nun mundo no que o 1% da poboación mundial posúe tanto diñeiro líquido ou investido como o 99% restante. No que o valor nominal dos derivados financeiros supera en moito máis de 10 veces o valor do PIB mundial. E no que unha grande parte destes investimentos financeiros, demandan a extracción a gran escala de materias primas, para exportalas en cadeas transnacionais para a súa transformación industrial en enerxía e "bens de consumo", e, polo tanto, en beneficios lucrativos, unha grande parte destes beneficios acaba acubillado en paraísos fiscais. Ao mesmo tempo moitas destas materias primas son cada vez máis escasas, é dicir, teñen un horizonte de esgotamento máis próximo, o que acentúa a súa cobiza, en lugar da súa protección.

Se, noutros tempos, a apropiación dos bens naturais se fixo mediante un réxime colonial directo, agora este papel Lévano a cabo os chamados "tratados de comercio e investimento", entramados xurídicos que blindan os dereitos dos investidores, empresas ou grupos transnacionais, por riba do resto de dereitos implicados.

E é que o desenvolvemento pleno do extractivismo acaba requirindo modelos políticos coercitivos e autoritarios, sen mecanismos de control, diálogo ou compensación. Require a eliminación de trabas ao seu desenvolvemento, como son as institucións e leis que regulan a protección da natureza, as liberdades cidadás, a vida libre de violencias para as mulleres ou o control da corrupción.

Centroamérica é unha desas rexións do mundo na que a presión dos intereses extractivos sobre os ecosistemas, sobre as comunidades humanas e sobre a gobernabilidade democrática é tan intensa que crea unha atmosfera irrespirable.

Tan irrespirable que miles de familias se ven abocadas a un éxodo de alto risco: máis de 3 millóns e medio lograron esquivar os muros de Estados Unidos e 800 mil solicitaron asilo en Europa -ás que se suman outros centos de miles de rexeitadas ou invisibilizadas-. Irrespirable especialmente para as mulleres, albo de todas as maneiras de violencia patriarcal, cos máis altos índices de feminicidios e impunidade no mundo. Irrespirable para calquera persoa que se empeñe en defender os seus dereitos, os da súa comunidade ou os da natureza, como testifican as cifras de defensoras criminalizadas, acosadas e asasinadas na última década.

Inauguración da exposición en Barcelona

Pero teríamos unha visión moi parcial do que está a ocorrer en Centroamérica se soamente dirixíramos a nosa ollada cara a estas tendencias destrutivas. Como adoita dicir o ambientalista mexicano Gustavo Castro, se hai conflito é porque hai resistencia.

Ao mesmo tempo que todo o anteriormente descrito, hoxe, tanto en Honduras como en Guatemala, vemos a centos de comunidades indíxenas e campesiñas plantándose nos seus territorios fronte a poderosos intereses e conseguir en moitos casos protexelos. Vemos tamén as mulleres xogando un papel cualitativamente decisivo nestas resistencias e facéndose valer fronte a todo tipo de fustrigadas patriarcais. Vemos comunidades definindo os seus proxectos de vida, baseados tanto nas cosmovisións ancestrais herdeiras das súas matrices culturais orixinarias, como en conceptos e prácticas acuñadas por movementos sociais das últimas décadas como a soberanía alimentaria, a agroecoloxía, a economía social, a autoxestión territorial ou os feminismos. Ou dando pé a conceptos mixtos como o do feminismo comunitario.

A vida exprésase a través destas persoas e comunidades diversas que, contra prognóstico, arríscano todo tratando de converter en osíxeno socialmente respirable a atmosfera tóxica do extractivismo. Tal como din, "somos a natureza defendéndose"… E defendéndonos, a toda a humanidade, habería que engadirlle.

Nestes tempos en que nos países industrializados esperta a conciencia sobre a *emerxencia climática e ecolóxica*, estes rostros e voces que nos chegan dende Centroamérica propoñen a necesidade de cuestionar o modelo de crecemento ilimitado de consumo material como base do benestar. A súa mensaxe advírtenos de que, esgotando os bens naturais e a biodiversidade destes territorios, estamos socavando as mesmas bases da nosa propia supervivencia.

Convídannos a responder á cadea transnacional do extractivismo coa *cadea internacional da solidariedade*, é dicir, da conciencia de que neste mundo social e ecoloxicamente interconectado, cada agresión a unha persoa defensora, cada extinción dunha nova especie, cada hectárea de bosque incendiado, cada río secuestrado, sexa onde for, aféctanos cada vez máis directamente.

Protexer as comunidades que defenden os seus territorios e as súas culturas é, pois, protexer a cadea global da vida. E podemos facelo de varias maneiras, entre elas:

- Poñendo a intención nos nosos hábitos personais e familiares, para diminuír o consumo, apostando polos circuítos de proximidade e a reciclaxe, evitando alimentar as cadeas transnacionais do extractivismo e as vulneracións de dereitos.
- Esixindo aos nosos gobernos que promovan mecanismos internacionais vinculantes de defensa dos dereitos humanos e da natureza, fronte á impunidade con que demasiados investimentos transnacionais evaden hoxe as súas responsabilidades.
- Abrindo os nosos ollos aos rostros e nomes das persoas e comunidades que están sendo ameazadas por defender os seus territorios. Achegándoas, para facerlles presente a nosa compañía. Con accións de presión para que as institucións nacionais e internacionais non se desentendan da obriga de protexer a vida por riba de todo. Rexeitando o acoso, o uso da violencia e o asasinato como recursos válidos no investimento empresarial.
- Apoiando no noso país os dereitos das persoas inmigrantes-refuxiadas, que tiveron que fuxir da violencia e a destrución de condicións de vida digna, fronte ás leis e prexuízos xenófobos e racistas.

É por esa contribución que queremos agradecer en primeiro lugar ao fotoxornalista e amigo Gervasio Sánchez que teña posto o seu ollo e a súa cámara, a súa profesionalidade solidaria e o seu tan solicitado tempo a disposición deste proxecto de "Activistas pola Vida", que, articulado en torno a unha exposición fotográfica, desprega unha serie de formatos audiovisuais, comunicativos e didácticos para tender unha ponte de solidariedade coas persoas defensoras e as súas comunidades. E, por suposto, a todas as persoas protagonistas desta historia, as que aparecen e as que preferiron non aparecer, ás queridas organizacións e comunidades de Guatemala e Honduras que nos brindaron a súa confianza e a súa colaboración para que este proxecto fora posible. Ao *Institut de Drets Humans de Catalunya* que nos acompaña no proxecto. E á *Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament* que creeu e apostou dende o primeiro momento por esta proposta.

Agora a continuidade desta historia está tamén nas túas mans.

Activistas pola vida

"Activistas pola vida" é unha exposición fotográfica, realizada en colaboración co fotoxornalista Gervasio Sánchez, que documenta a historia de 40 homes e mulleres, defensoras dos dereitos humanos, do territorio e dos seus bens naturais, de dereitos das mulleres e as liberdades cidadás

Esta defensa entra en conflito cos intereses de investidores, empresas ou grupos transnacionais que extraen con impunidade os recursos naturais e as materias primas de Honduras e Guatemala para vendelas no mercado mundial.

As leis de Honduras e Guatemala favorecen os dereitos destas empresas, mentres que eliminan os dereitos da súa cidadanía. Esta situación, ligada á persecución e ás constantes ameazas de morte, ao elevado índice de violencia e á corrupción policial, política e xurídica, fixo que miles de familias se marcharan dos territorios. Non obstante, hai comunidades indíxenas e campesiñas que loitan fronte a estes poderosos intereses e conseguen protexer as súas terras.

A través de fotografías, texto e vídeo-entrevistas de Gervasio Sánchez, "Activistas pola vida" explica a vida de homes e mulleres que, aínda estando ameazados de morte, loitan polos seus dereitos.

"A realidade que se conta neste proxecto fotográfico ten que ver coa vida cotiá de persoas que poden ser asasinadas en calquera momento. Persoas perseguidas pola defensa da integridade das súas aldeas, persoas que loitan como defensores da terra, persoas que loitan contra as grandes empresas extractivistas, persoas que loitan pola natureza e riqueza dos ríos, e xornalistas que intentan denunciar o que ocorre en Guatemala e Honduras", explica Gervasio Sánchez.

A exposición contará cunha Área Virtual con material pedagóxico para alumnos de secundaria creada por Entrepobos, que estará dispoñible en aberto a través da web de Entrepobos en xaneiro de 2021.

Ademais, a editorial Blume publicou o libro "Activistas por la vida", unha dobre edición en castelán e catalán de 148 páxinas, que recolle todos os testemuños da exposición. O libro pódese mercar en todas as librarías.

"Activistas pola vida" é un proxecto de Entrepobos, coa colaboración do Institut de Drets Humans de Catalunya e o cofinanciamento da Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament, que estará exposto ata mediados de marzo en Barcelona, que en 2021 ten previsto recalar tamén en Vilafranca del Penedès, Tarragona e Valencia, e en 2022 farao polo resto do Estado español.

Carmen Álvarez, líder garífuna en Trujillo, Honduras (OFRANEH)

A deforestación detrás do impacto dos furacáns

Madreselva

Brigadas de Paz Honduras

"Vai seguir chovendo sobre mollado. A terra xa non aguanta tanta auga". Así se expresaba en Twitter o pasado luns, 23 de novembro, a lideresa afrodescendente da Organización Fraternal Negra Hondureña (OFRANEH)

E non lle faltaba razón. A madrugada seguinte, a cidade de La Lima, no norte de Honduras, volvía inundarse por cuarta vez en dúas semanas. A auga que deixou sobre o país esta temporada ciclónica, especialmente tras o paso dos furacáns ETA e IOTA, fixeron que os ríos Chamelecón e Ulúa medraran considerablemente. As primeiras chuvias do mes de novembro levaron por diante a Canle Maia e as marxes de contención que protexen esta cidade situada case na costa caribeña. Xa sen esa protección, a auga, o lodo e as pedras ocuparon vivendas e colleitas. Unha imaxe que se repetiu en todo o Val de Sula.

Ata hai varias décadas, ríos como o Chamelecón e o Ulúa, que forman parte da grande rede hidrográfica de Honduras, eran mesmo aptos para a navegación durante todo o ano. Porén, nalgunhas zonas converteuse en ásperos canóns que, nos meses de verán, se poden cruzar camiñando. Ata que veñen chuvias como as das últimas semanas.

Cada vez son máis os expertos que, xunto a outros factores, **vinculan estes desbordamentos de ríos e inundacións coa deforestación**. Segundo explica Héctor Orlando Portillo, biólogo da Fundación de Ciencias para o Estudo e Conservación da Biodiversidade, **"isto ocorre como consecuencia da deforestación nas partes altas, medias e baixas das zonas onde nacen estes ríos. Un dos factores para que esta acción se dea, é a problemática social e económica da nosa poboación, como consecuencia da desatención dos gobernos que eternamente a marxinou"**. De acordo con datos do Centro Agronómico Tropical de Investigación e Ensinanza, nos últimos sesenta anos deforestáronse en Honduras arredor de 1.2 millóns de hectáreas. **Só nos últimos 20 anos, teríanse perdido entre 23.000 e 58.000 hectáreas anuais.**

O enxeñeiro especialista en Manexo e Xestión de Catástrofes Naturais de Orde Hidrolóxica, Juan Mejía, explicou a Radio Progreso que **Honduras é un país no que o 77% da súa xeografía é montañosa, pero coa tala de árbores as montañas perderon a súa capacidade de retención de auga**. A medida vai perdendo a súa cobertura boscosa, prodúcense esvaramentos, erosión e os ríos acaban arrasando todo o que atopan ao seu paso. Isto é precisamente o que pasou no Val de

Furacán en Honduras

Sula, onde as grandes extensións de monocultivos de arroz, cana de azucre e, en menor medida, banano contribuíron tamén a estes efectos. "Se as montañas do centro e o occidente do país están debidamente reforestadas, os solos van ser máis resilientes e van ter capacidade para reter a auga e despois ir liberándoa pouco a pouco". Neste sentido, Juan Mejía, tamén responsable da área de investigación do Movemento Amplio pola Dignidade e a Xustiza (MADJ) sinala que **"a política forestal non só ten que ver cos prezos da madeira; ten que ver co que os bosques significan para estas serranías".**

"Temos que esixir ás empresas depredadoras que están destruíndo a natureza, que paren xa. Como non se van desbordar todos estes ríos se arriba, nas nacentes de auga, non só vive xente senón que hai proxectos que destrúen os bosques", denuncia Miriam Miranda, mentras lembra que Honduras necesita que os bosques poidan captar a auga da chuvia e que aí repouse antes de descender ás zonas baixas onde vive a xente. Miranda refírese tamén ao **cambio climático ante o que Honduras é un dos tres países máis vulnerables** de acordo co Índice de Risco Climático de Germanwatch de 2018.

A LOITA POLOS BOSQUES

Xunto á deforestación, dende o MADJ refírense tamén a outras prácticas empresariais como as construcións a gran escala e en zonas non aptas para habitar, a extracción desmedida de minerais, a adulteración e cambios de dirección nas canles dos ríos que, aseguran "están vinculadas a un modelo económico que despoxa e asasina a quen se opoña a estas prácticas". De feito, segundo o informe de Global Witness (2019), hoxe en día **Honduras converteuse no lugar máis perigoso do mundo –por asasinato per cápita– para as persoas defensoras da terra e do medio ambiente.** Estas persoas son vítimas da maioría dos casos de violencia, difamación e criminalización. Se atendemos ás cifras proporcionadas por Vía Campesiña, actualmente en Honduras hai un total de aproximadamente 7,000 persoas criminalizadas, 1,700 das cales son mulleres.

Unha destas mulleres que enfronta ameazas e incidentes pola súa defensa do territorio é María Felicita López, indíxena feminista do Departamento de A Paz. Dende o seu municipio, Santa Elena, leva anos defendendo o patrimonio natural dos intereses hidroeléctricos vinculados de unha deputada do Congreso Nacional de Honduras. Dende hai tempo traballa tamén para **evitar os máis de 26 plans de manexo e permisos ambientais para a explotación de madeira que actualmente existen no seu departamento**. "O Instituto de Conservación Forestal (ICF) otórgaos sen consultar ás comunidades e pobos e sen averiguar o impacto ambiental que isto vai ter sobre as fontes de auga das comunidades", explica Felicita López.

Precisamente para evitar este aumento da deforestación, e conscientes da importancia de defender a terra e o territorio, organizacións campesiñas como a CNTC e Vía Campesiña presentaban o pasado mes de febreiro a proposta de **Lei de Emerxencia para a Reactivación do Sector Agrícola, Pecuario e Forestal para o Combate da Pobreza**. Entre as propostas deste documento atópase "un plan masivo de reforestación con preferencia nas zonas de reserva e concas hidrográficas produtivas de auga a nivel nacional". Desta maneira, evitar que, unha vez máis, chova sobre mollado.

Cuba: XV Encontro Anual da Rede Feminista "Berta Cáceres"

feministas fortalecen a súa axenda en tempos de pandemia

Sara Más

Ameco Press e SEMLAC

Necesítanse novas accións e formas organizativas para encarar o patriarcado. O machismo reafirmouse e as mulleres viven condicións moi difíciles

A seguir construíndo redes de apoio solidarias e reafirmar a loita en principios e prácticas colectivas contra o patriarcado, pronunciouse o XV Encontro Anual da Rede Feminista "Berta Cáceres", realizado entre o 21 e o 23 de outubro baixo o precepto: "vivimos tempos de mulleres".

A cita que, desta volta, apelou á modalidade virtual debido ao distanciamento físico que impón a pandemia da covid-19, permitiu a activa participación dende diversos países de mulleres que integran a rede, coordinada polo Grupo de Investigación "América Latina: Filosofía Social y Axiología" (Galfisa), do Instituto de Filosofía de Cuba.

A partir da análise do actual contexto feminista e a "nova normalidade" post-pandémica, as participantes recoñeceron a necesidade de despregar accións e novas formas organizativas contra o patriarcado.

"Para ninguén é un segredo que, baixo a pandemia, as formas de opresión fixéronse máis sofisticadas e invisibles", sostivo Georgina Alfonso, de Galfisa.

"A vida cotiá das mulleres fíxose moito máis difícil e o machismo reafirmou a súa natureza dominadora, usando entón argumentos como a capacidade de abnegación, sacrificio e consagración para o coidado que temos as mulleres", agregou.

Ademais do predominio da racionalidade económica patriarcal en busca de maximizar as ganancias invisibilizando o traballo de coidado e o aporte das mulleres á economía, Alfonso describiu un panorama no que prevalecen a instauración do pánico, as desigualdades de tempos e espazos, increméntanse as violencias contras elas, o control dos seus cuerpos e outras prácticas patriarcais que acentúan unha subxectividade opresora.

"Hoxe adquire cada vez máis forza a certeza de que os posicionamentos anti-patriarcais son posicionamentos anticapitalistas", sostivo Alfonso e dixo que para Cuba significa tamén asumir un feminismo crítico, creador, transformador; superar a dinámica economicista que naturaliza o sentido común do capital e construír consenso en torno a un proxecto país máis xusto, solidario e cooperativo.

PANDEMIA ADENTRO

Os meses de confinamento descubriron desigualdades e acentuaron o sistema de opresións múltiples, co albo na vida e os dereitos das mulleres, recoñeceron participantes no encontro virtual.

Instituto de Filosofía-CITMA

A pandemia agocha verdadeiras crises preexistentes, dominacións e discriminacións patriarcais, misóxinas e racistas, mentras o confinamento agudiza a violencia de xénero, acentúa a diversidade de roles das mulleres e ten levado a unha desvalorización dos traballos de coidados, sinalaron a partir das súas propias experiencias cotiás.

"O teletraballo destrúe os límites da xornada de oito horas e tira unha manta invisible sobre os tempos da vida. No debate aparece o significado do coidado baixo a bandeira do sacrificio e así ocúltase unha ampla zona de coidados que non son só médicos", reflexionou a cubana Llanisca Lugo, do Centro Memorial Martin Luther King Jr.

Con ela coincide Marbelis González Mesa, do Centro de Intercambio e Referencia- Iniciativa Comunitaria (CIERIC). "Caemos na trampa de que debemos esforzarnos para cumprir cos múltiples roles de súper nais, súper fillas, súper esposas traballadoras; falamos de coidado da vida, pero poucas veces pensamos no coidado da nosa. Foi e segue a ser unha trampa o teletraballo: ten vantaxes, indudablemente, pero cantas horas lle dedicamos?", sinalou.

A cubana Mely González, coordinadora do Grupo de xénero e feminismo da Universidade Central de Las Villas, significou o valor das redes de apoio para asumir dignamente o traballo de coidados, o negativo de "romantizar" o confinamento e chamou a dar seguemento na " nova normalidade" dos perigos do teletraballo para as mulleres.

É por iso que a peruana Walkiria Santa Cruz, militante do colectivo feminista Resistencia Rabona, aposta por "colectivizar os coidados e convertelos en responsabilidade de todos".

E tamén, Lil Romero, guionista de televisión, aboga por "pensar outras medidas que nos protexan nestes tempos, e non só da Covid, senón tamén da violencia, a sobrecarga, a discriminación laboral" e moitas outras inxustizas.

LOITAS E CAMIÑOS

Na opinión de Ana Bickel, do FMLN de O Salvador e a Rede Mesoamaericana de Educación Popular, o incremento das contradicións e as opresións tamén ensina camiños para transformar.

"Dende as comunidades que lograron coidarse diante das ameazas da violencia, que diversificaron a produción e as maneiras de coidar e curarse, lograron mellores resultados no combate ao virus, coas mulleres como protagonistas", expuxo como exemplos.

Por outra banda, Bickel alertou sobre que a loita feminista pola equidade está sempre diante da trampa de que as mulleres aspiremos a transformarnos como entes personalizados, crendo que desligarnos da colectividade nos libera. Unha cousa é aprender a afirmarnos diante da colectividade; outra é crer que prescindimos dela", sostivo.

Para a xornalista cubana Lirians Gordillo, a reflexión para poder pensar en cómo xerar o cambio, non retroceder e avanzar nos dereitos das mulleres e cómo conectar todo isto coa vida cotiá, é práctica de nación.

"O que se logrou foi tamén porque se foron xerando espazos colectivos e públicos, esixindo o recoñecemento dos nosos dereitos e, polo tanto, a posta en práctica de políticas que os garanten", argumentó.

Na súa opinión, é preciso combinar espazos de sensibilización, capacitación, transformación individual e colectiva co empuxón, o reclamo, a construción dunha axenda política en todas as ordes: legal, económica, laboral, agraria e cultural, entre outras.

Entre outros avances, a rede recoñeceu o crecemento dos grupos neste camiño, a incorporación da mocidade, o desenvolvemento de investigacións e a súa relación co activismo, a creación de espazos de formación e intercambio, participación en campañas en defensa de todos os dereitos, a visibilización de proxectos feministas, protocolos de prevención, tarefas de acompañamento, traballo en comunidades, a incorporación de homes aos colectivos e a reivindicación dende a historia do papel de mulleres negras.

Así mesmo **identificáronse desafíos, como construír alternativas colectivas contra o patriarcado e transformar prácticas; crear espazos colectivos de coidados, crianza e educación; asumir a necesidade dunha axenda política en todos os sistemas e manter a loita polos dereitos da muller, cabo dos esforzos por recuperar a economía**.

Alertaron tamén sobre a ameaza que representa o avance dos fundamentalismos no retroceso dos dereitos das mulleres, a emerxencia de proxectos individualistas desligados do colectivo, a necesidade de recoñecer o feminismo como dimensión do desenvolvemento, dar prioridade ao escenario mediático nas loitas, abrirse á aprendizaxe e interpelación de diversos feminismos e abrir máis espazos de debate e articulación.

Durante o encontro presentáronse e compartiron os libros El saber feminista, compilación de traballos do Grupo de Estudios de xénero e feminismo do Centro de Estudios Comunitarios da Universidade Central "Marta Abreu" de Las Villas e Los cuidados en la ruta hacia la equidad en Cuba, que reúne investigacións das académicas Georgina Alfonso González, Teresa Lara Junco, Magela Romero Almodóvar, Dayma Echevarría León e Clotilde Proveyer Cervantes.

A rede creouse como "Rede Ética e Política do movemento de mulleres" e o seu primeiro encontro realizouse os días 18 e 19 de marzo de 2011 co obxectivo de crear a rede e compartir os sentidos éticos e políticos comúns na construción de identidades e articulacións dende o movemento de mulleres en Cuba e os seus vínculos con América Latina, dende a perspectiva feminista latinoamericana.

Máis tarde, en 2016, adoptou o nome actual de Rede Feminista "Berta Cáceres", ao crearse o Espazo Feminista de igual nome, que rende homenaxe á líder popular hondureña e aposta pola comunión de ideas "que convoquen á acción contra a dominación, explotación, discriminación e violencia patriarcal".

Cuartoscuro.mx

Unha montaña [zapatista] en alta mar

Gilberto López y Rivas

Antropólogo, ensaísta e político mexicano

O comunicado do Exército Zapatista de Liberación Nacional, intitulado "Unha montaña en alta mar", pódese ler en: http://enlacezapatista.ezln.org.mx/2020/10/05/sexta-parte-una-montana-en-alta-mar/

Dado a coñecer polo seu voceiro, o Subcomandante Moisés, o 5 de outubro pasado, contén reflexións de longo alcance sobre a realidade nacional e mundial. **Contén tamén o anuncio dunha vindeira saída de delegacións zapatistas polos cinco continentes, empezando por Europa, e planeando chegar a Madrid, a capital española, o 13 de agosto do 2021, "500 anos despois da suposta conquista do que hoxe é México"**.

Nese mundo que os maias zapatistas observan "enfermo e fragmentado en millóns de persoas, empeñadas na súa supervivencia individual, pero unidas baixo a opresión dun sistema que vai en contra da existencia do planeta Terra", coa "natureza ferida de morte, e que, na súa agonía, advirte á humanidade de que o peor está aínda por vir", as súas delegacións irán a atopar, sosteñen, "o que os fai iguais."

Queren, especificamente, falar co pobo español: "Non para ameazar, reprochar, insultar ou esixir. Non para demandarlle que nos pida perdón. Non para servilos nin para servirnos. Iremos dicirlle ao pobo de España dúas cousas sinxelas: Unha: Que non nos conquistaron. Que seguimos en resistencia e rebeldía. Dúas: Que non teñen por qué pedir que lles perdoemos nada. Xa basta de xogar co pasado distante para xustificar, con demagoxia e hipocrisía, os crimes actuais e en curso, como o irmán Samir Flores Soberanes; os xenocidios agochados detrás de megaproxectos, concebidos e realizados para contento do poderoso –o mesmo que flaxela todos os recunchos do planeta; o alento monetario e de impunidade para os paramilitares; a compra de conciencias e dignidades por 30 moedas." Perante as manipulacións da historia dende o poder presidencial, fanse patentes as críticas severas do zapatismo

Entrepueblos

ao que considera "nacionalismo trasnoitado", que "quere sementar o rancor racial (…) co suposto esplendor dun imperio, o azteca, que medrou a costa do sangue dos seus semellantes, e que nos quere convencer de que, coa caída dese imperio, os pobos orixinarios destas terras fomos derrotados. Nin o Estado Español nin a Igrexa Católica teñen que pedirnos perdón de nada. Non nos faremos eco dos farsantes que se asentan sobre o noso sangue e así agochan que teñen as mans manchadas dese sangue."

Sinalan que os poderosos se ocultan e repregan nos chamados Estados Nacionais e os seus muros. "E, nese imposible salto cara atrás, reviven nacionalismos fascistas, chauvinismos ridículos e unha chea de leriantes enxordecedores", e, neste punto, advirten de guerras por chegar, "as que se alimentan de historias falsas, ocas, mentideiras e que traducen nacionalidades e razas en supremacías que se imporán pola vía da morte e destrución".

E nesa escuridade e confusión que precede a esas guerras, o zapatismo denuncia "o ataque, asedio e persecución de calquera asomo de creatividade, intelixencia e racionalidade. Fronte ao pensamento crítico, os poderosos demandan, esixen e impoñen os seus fanatismos."

Esta afouta iniciativa de viaxe planetaria correspóndese coa súa persistente vontade política de romper os valos que o Estado mexicano impuxo ao EZLN nas múltiples frontes da guerra contrainsurxente --militar, paramilitar, mediático, redes sociais, programas clientelares, campañas difamatorias delirantes--, ben sexa coa histórica multiplicación de cinco a 12 Xuntas de Bo Goberno, que tivo lugar no 2019; as reunións internacionais de miles de mulleres de máis de 40 países nos seus territorios, en 2018 e 2019; o seminario sobre o pensamento crítico fronte á hidra capitalista, no que se convocou á formación do intelectual colectivo que require a loita dos pobos, en 2015; os cursos da "Escuelita", en 2013, na que compartiron o seu proceso autonómico; as marchas multitudinarias polas cabeceiras municipais en 2012, con motivo da "fin do mundo"; e os seus percorridos, xa memorables, polo país, como as dos 1111, en 1997, ou a Marcha da Cor da Terra de 2001, o Encontro Intergaláctico de 1996, a primeira reunión contra o neoliberalismo no ámbito mundial, despois da implosión da URSS e o suposto "fin da historia". Ese infundio dun movemento illado, esencialista, corporativo, propalado polos servizos de intelixencia do Estado mexicano e os seus voceiros nos medios de comunicación de pago, e que agora retoman os defensores a ultranza da 4 T, non ten ningún viso de credibilidade ou sustento.

Fronte a neoliberais e neoconservadores, o EZLN representa a conciencia crítica do país, invisibilizada por uns e por outros. Porén, a súa mensaxe de resistencia, rebeldía e vida atopará, sen dúbida, oídos receptivos, nese mundo novo que se construirá dende abaixo.

"IniciARTivas" para cambiar o mundo

Carolina Sáiz, Elena Fraile, Manuel Espinilla

Entrepueblos Valladolid

Fai xa case unha década dende que decidimos crear Cultopías, un espazo web onde homenaxear, agradecer e dar a coñecer a persoas e colectivos que poñen as súas experiencias creadoras e xenerosidade solidaria ao servizo da transformación social e cultural

Cultopías naceu, impulsada con esa pretensión de amosar as diversas maneiras nas que as disciplinas artísticas se achegan ás problemáticas sociais, que acompañan a vida social e cultural nos países obxecto da nosa preocupación, que serven de apoio e reforzo ao traballo solidario e de denuncia que dende Entrepobos queremos e impulsamos. Referímonos a aquelas persoas, entidades sociais e colectivos que fan do teatro, da música, da escritura, da imaxe, etc., a súa aportación a esa solidariade e denuncia da que falamos.

Para incluír ese apartado social, necesitabamos un novo espazo que visibilizara noticias, sinalara enlaces a outras webs, dera a coñecer locais, artistas e as súas obras e informara de estreas culturais con compromiso social. Unha ferramenta difusora de experiencias artísticas e de encontro cunha mirada transformadora e uns obxectivos moi nidios: fomentar a cooperación solidaria e a educación emancipadora a través das disciplinas artísticas e culturais, así como achegar e pór en valor o punto de encontro entre arte e compromiso social ao servizo da solidariedade e o traballo social como ferramenta de recursos para a cidadanía global a través de Cultopías.

Nestes dez anos, Cultopías amosou perto de mil noticias e creacións que agardamos serviran polo menos para dar a coñecer distintas experiencias culturais transformadoras arredor do planeta. Algunhas delas están vinculadas directamente cos colectivos e movementos sociais cos que traballamos ou acompañamos en distintos países, outras moitas son tamén iniciativas profesionais que coa súa calidade facilitan a comunicación.

Porén, á altura de 2018, o sistema de publicación de Cultopías quedara obsoleto e incompatible coas novas versións de linguaxe de programación, e isto facía que a web fora moi vulnerable. Estas circunstancias "técnicas" animáronnos a repensar a web cun novo deseño e outro enfoque menos estático que a versión anterior, con novos sistemas de xestión de contidos, cun sistema de software aberto e libre,

acorde cos principios de Entrepobos, e que se adapta mellor ao uso das redes sociais.

A través do proxecto "Cultopías, iniciativas para transformar o mundo", cofinanciado pola Xunta de Castela e León, puidemos poñernos a esta tarefa.

Para esta nova estrea, pensamos oportuno recoller as consideracións dos representantes de colectivos de Castela e León vinculados á arte, á xestión cultural e a ONGs. Para iso, preparamos numerosas entrevistas presentándolles a iniciativa, artellando propostas e suxerencias, e valorando a súa necesidade. Deste xeito xurdíu este proxecto, que dende a súa orixe foi creado a modo de mochila ou macuto no que reunir "IniciARTivas" "ARTivistas", experiencias artísticas ou eventos culturais, nacionais e internacionais, que acompañan e poñen voz ás loitas dos movementos pola xustiza social.

Os contidos da nova Cultopías consisten en hipervínculos a PDF que xa son públicos, tráileres que figuran nas webs oficiais, espazos públicos de libre difusión e/ou *creative commons*. Ningún enlace se vincula a obras protexidas por dereitos de autor-a, e todos son sen ánimo de lucro. Neste punto, tamén cabe resaltar que as ilustracións de Pep Boatella www.pepboatella.com son creacións orixinais realizadas especificamente para Cultopías, para o que contamos coa súa cesión de uso.

Con el realizamos a presentación pública da nova Cultopías en Castela e León, xunto cunha serie de actividades entrelazadas cos obxectivos da web en diversas localidades de Castela e León contando coa colaboración da activista dos dereitos das mulleres e líder indíxena guatemalteca, **Lolita Chávez**, con **La Otra**, cantautora e música involucrada cos movementos sociais e o feminismo, presentada polas cantantes vallisoletanas **Ley Mostaza**, así como coa ácida ironía e afiado humor sarcástico de **Irantzu Varela**, introducida por **Susana Rioseras,** polifacética creadora artística burgalesa.

E é que nestes tempos estraños que nos tocou vivir, fíxose máis palpábel se é posible a necesidade deste tipo de iniciativas "IniciARTivas" e "ARTivistas", que traballan, antes e despois da COVID-19, en pro da transformación social, para potenciar a voz de colectivos e persoas preocupadas polos problemas sociais alarmantes, modelos e ritmos de vida que temos levado ata agora, tremendamente inxustos e fráxiles, que nos levan a crer, agora máis ca nunca, na necesidade de estimular a creatividade e a comunicación colectiva mediante a palabra, o corpo e a interacción a través dos medios dispoñibles, para facer efectiva a necesidade de xerar conciencia social e esixir compromisos aos que nos gobernan.

O noso afán reside en poder dar unha longa continuidade no futuro a este proxecto, máis dinámico e próximo, para que todo o traballo e a bagaxe acumulada nas nosas costas non caia nun saco roto, e para iso necesitamos as túas Cultopías. Porque queremos seguir avivando a chama do activismo e a mobilización cidadá, continuar chegando á xente, a un gran público cada vez máis diverso e inquedo ao que saciar as súas ganas de sabe, á vez que xeramos máis fame de coñecementos, de expandir os seus

horizontes culturais e ampliar as súas miras cara a unha visión máis prismática e periférica da realidade, a través doutras existencias. Vidas cargadas de problemas apremantes que se amorean neste sistema neoliberal e machista que dá máis poder ás multinacionais extractivistas que aos dereitos humanos, e que alimenta crises climáticas que expulsan a comunidades e pobos dos seus territorios provocando migracións que, á súa vez, pechan portas a aquelas persoas que se ven na obriga de migrar.

E a través deste camiñar chegamos a ti que nos les, e que te moves no ARTivismo. Desexamos compartir contigo este proxecto, ao que te convidamos a participar. Acompáñanos para poder achegar os teus coñecementos e saberes, e quen sabe… quizais crear algo xuntas.

DOMICILIO SOCIAL
Av. Meridiana, 30-32, esc. B, entl. 2a • 08018 Barcelona
Telf. 93 268 33 66 • Fax. 93 268 49 13
info@entrepueblos.org www.entrepobos.org
www.facebook.com/Entrepbs @EntrepbsHarte www.instagram.com/entrepbs

PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA
- C/ José Mª Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B
  41003 Sevilla · T. 616 564 551

ep.andalucia@entrepueblos.org
Entrepueblos Andalucía

ASTURIES
ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA
ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN
ep.valladolid@entrepueblos.org
ep.burgos@entrepueblos.org
ep.zamora@entrepueblos.org
ep.cyl@entrepueblos.org
ep.palencia@entrepueblos.org
entrepueblosvalladolid.wordpress.com
entrepueblosencastillayleon
@EntrepueblosV

CATALUNYA
- C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona
- C/ Raiers 13 · 25500 La Pobla de Segur (Lleida)
- Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B)
  08018 Barcelona

penedes@entrepobles.org
entrepoblespenedes.wordpress.com
entrepoblesbarcelona.wordpress.com
@EntrePobles_Tgn
EntrePobles-Camp-de-Tarragona
EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID
ep.madrid@entrepueblos.org
EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA
herriarte@gmail.com

ILLES BALEARS
- C/ Carme, 6 · 07701 Maó (Menorca)

mallorca@entrepobles.org
EntrePobles-Mallorca

LA RIOJA
- Apdo. 1.327 · 26080 Logroño

PAÍS VALENCIÀ
- C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi
- C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer
- Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
  12600 Vall d'Uixó (Castelló)
- C/ Lepant 7 · 03201 Elx

paisvalencia@entrepobles.org
alacant@entrepobles.org
entrepoblesalacant.wordpress.com
EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA
marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS
IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

entrepobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitude de ingreso coma socio/a

Nome e apelidos _____
_____ NIF *_____
Data de nacemento _____
Enderezo _____
_____
C.P. _____ Poboación _____
Teléfono _____ Profesión _____
E-mail _____

Cota anual ____75 € ó _____ €
Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.
entrepobos recomenda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa _____

NUMERO DE CUENTA - IBAN				
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG entrepobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos _____
Enderezo _____
C.P. _____ Poboación _____

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF
Aviso legal: De acordo co *Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD")*, a Asociación Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socia/o e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Avda. Meridiana 30-32, entl. 2o B · 08018 Barcelona)